

PROGRAMACIÓN DE GREGO

Seminario de Grego

I.E.S. SAR - SANTIAGO

Curso 2020-21

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	3
I. PROGRAMACIÓN DE <i>GREGO</i> (Primeiro de Bacharelato)	4
1. Obxectivos	4
2. Os contidos	5
2.1. Contidos programados	5
2.2. Contidos mínimos	7
2.3. Temporalización (distribución dos contidos ao longo do curso)	8
3. Estándares de aprendizaxe.....	12
4. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	16
5. Avaliación e cualificación do alumnado.....	17
5.1. Tipos de avaliación	17
5.2. Instrumentos de avaliación	17
5.3. Criterios básicos de cualificación final	18
5.4. A recuperación	19
5.5. Recuperación da materia pendente	19
II. PROGRAMACIÓN DE <i>GREGO II</i> (Segundo de Bacharelato)	20
1. Obxectivos	20
2. Os contidos	21
2.1. Contidos programados	21
2.2. Contidos mínimos	22
2.3. Temporalización (distribución dos contidos ao longo do curso)	23
3. Estándares de aprendizaxe.....	24
4. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	23
5. Avaliación e cualificación do alumnado.....	25
5.1. Tipos de avaliación	25
5.2. Instrumentos de avaliación	25
5.3. Criterios básicos de cualificación final	26
5.4. A recuperación	26
5.5. Recuperación da materia pendente	26
III. METODOLOXÍA E RECURSOS DIDÁCTICOS	28
1. Metodoloxía	28
2. Recursos didácticos	30
IV. OUTRAS CUESTIÓNS	31
1. Medidas de atención á diversidade	31
2. A programación de temas transversais	31
3. Actividades de contribución ao Proxecto TIC	32
4. Actividades de contribución ao Proxecto lingüístico	33
5. Actividades complementarias e extraescolares	33
6. Mecanismos para avaliar a propia programación.....	34

VII. ADAPTACIÓNS DA PROGRAMACIÓN	36
1. As aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior.....	36
2. Previsión do desenvolvemento da programación nun escenario de ensinanza telemática.....	36
2.1. Metodoloxía de traballo	36
2.1.1. Procedemento de contacto telemático cos alumnos.....	36
2.1.2. Actividades.....	37
2.1.3. Recursos didácticos.....	38
2.2. Información ao alumnado e ás familias.....	38

INTRODUCCIÓN

Unha programación constitúe, en certa maneira, a elaboración dun proxecto para a ensinanza e a aprendizaxe, nun contexto curricular, social e persoal determinado.

Podemos entender a programación como a simple enumeración secuenciada de contidos ou como unha planificación máis elaborada, con explicitación de actividades e tarefas. Pero, independentemente, do seu grao de concreción, configura sempre un proceso de ensino-aprendizaxe determinado.

Unha programación é, moitas veces, só unha hipótese de traballo que pouco a pouco podemos ir perfilando, pero que temos que proxectar en tres dimensións: no plano dos contidos, no das habilidades e técnicas que se lle vai esixir ó alumnado, e a nós mesmos, e no plano da temporización ou secuenciación dos contidos.

Somos conscientes de que cada unha das programacións que se proxecten sobre as distintas materias, son sempre unha entre as moitas posibles, polo que nunca pode ser unha realidade pechada, que non poida ser mellorada de curso a curso, e aínda no mesmo curso, xa que unha planificación coexistirá con outros aspectos, sucesos ou fenómenos que non foron previsto de antemán.

Presentamos, pois, a nosa proposta en relación cos diversos aspectos do desenvolvemento curricular da materia.

I. PROGRAMACIÓN DE GREGO (Primeiro de Bacharelato)

1. Obxectivos didácticos.

a) Prioritarios

- 1º) Iniciarse na interpretación e na traducción de textos adaptados aos coñecementos lingüísticos do alumno.
- 2º) Coñecer e utilizar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua grega.
- 3º) Familiarizarse con elementos da lingua grega que axudan á comprensión da lingua propia e doutras linguas modernas.
- 4º) Reflexionar sobre os elementos fundamentais que constitúen as linguas, e sobre as súas influencias mutuas no espacio e no tempo.
Tendo en conta as necesidades detectadas no alumnado do I.E.S. Sar, en relación a deficiencias no manexo da propia lingua, decidiuse que as actividades se centren na comprensión e interpretación das estruturas e do vocabulario máis frecuentes na lingua culta ordinaria e que queden nun segundo plano a análise das estruturas especificamente gregas e do vocabulario excesivamente técnico. É un feito que tanto galego como castelán, no nivel culto, conteñen numerosísimos helenismos; coñecer o grego para un mellor aproveitamento das posibilidades da propia lingua está dentro dos obxectivos prioritarios que nos marcamos.

b) Complementarios.

- 1º) Interpretar textos literarios, históricos e filosóficos, traducidos e orixinais, comprendendo a súa estrutura, o pensamento e a ideoloxía neles reflectidos cunha actitude crítica ante o mundo grego e o mundo en que viven.
- 2º) Apreciar os valores principais e máis característicos establecidos pola sociedade grega, e identificar a vinculación que teñen con ela as formas de pensar actuais: o sentimento de pertenza á unidade política, social e cultural que é Europa, a tolerancia e respecto aos distintos pobos, etc.
- 3º) Buscar e indagar en documentos e fontes de información variadas, obtendo deles datos relevantes para o coñecemento da lingua, da historia e da cultura estudadas.
Debido ás necesidades detectadas no alumnado do centro no relativo ao

hábito lector, decidiuse que o punto de partida para o estudo da cultura grega sexa a lectura e posterior análise de fontes bibliográficas. Tentarásse tirar o máximo proveito dos recursos dispoñibles no centro, fomentando a utilización autónoma polo alumno de tódolos materiais de consulta que estean ao seu alcance.

2. Contidos didácticos.

2.1. Contidos programados.

A) Lingua grega

1. O grego e as linguas indoeuropeas.
 - 1.1.- O indoeuropeo
 - 1.2.- As linguas indoeuropeas
 - 1.3.- Grego: unidade e variedade
2. Fonoloxía.
 - 2.1.- Signos ortográficos e de puntuación
 - 2.2.- A pronunciación escolar do grego
 - 2.3.- Clasificación dos sons
 - 2.4.- Relación co alfabeto latino das linguas modernas
 - 2.5.- Regras de transcripción dos fonemas gregos nos préstamos galegos e casteláns
 - 2.6.- Contraccións vocálicas máis frecuentes
3. A morfoloxía
 - 3.1.- Declinacións
 - Distribución dos nomes nas diversas declinacións. Flexións de cada unha delas
 - Adxectivos: clases e graos
 - Pronomes. Características xerais da flexión pronominal. Artigo. Persoais e posesivos. Demostrativo. Relativo. Interrogativo e indefinido.
 - 3.2.- Conxugación
 - Categoría do verbo. Flexión dos verbos regulares en indicativo e imperativo. Verbos irregulares de uso máis frecuente
 - As formas nominais do verbo
4. A sintaxe
 - 4.1.- Sintaxe da oración simple.
 - Particularidades das oracións atributivas
 - A orde de palabras
 - Valores fundamentais dos casos sen preposición

- Uso dos casos coas principais preposicións
 - A concordancia
- 4.2.- A oración composta
- Oracións coordinadas
 - Oracións subordinadas con indicativo. Completivas de infinitivo.

B) A interpretación dos textos

- Técnicas de tradución.
- Análise dos textos e identificación das estruturas fundamentais.
- Textos gregos de variada forma discursiva (narrativos, dialogados, etc.) adaptados ao nivel de coñecementos lingüísticos do alumno e relacionados cos temas culturais que van ser obxecto do estudo.

C) O léxico grego e a súa evolución.

- Vocabulario básico. Campos semánticos.
- Procedementos de derivación e composición da lingua grega.
- Termos de cultura xeral nas linguas modernas derivadas do grego.
- Termos científico-técnicos nas linguas modernas derivadas do grego.

D) Historia de Grecia.

- 1) Xeografía da Grecia antiga.
- 2) Grandes períodos da historia da Grecia antiga.
- 3) A administración da xustiza en Atenas.
- 4) O goberno das polis na Grecia clásica.
- 5) Os escravos na Grecia clásica.
- 6) A familia na sociedade da Atenas clásica.
- 7) A vivenda grega e o seu equipamento.
- 8) As viaxes na Grecia antiga.
- 9) A vestimenta e o aseo na Grecia antiga.
- 10) A educación na Grecia antiga.
- 11) A mitoloxía clásica.
- 12) A relixión na Grecia clásica.
- 13) O teatro na Atenas clásica.
- 14) A medicina na Grecia antiga.

2.2. Contidos mínimos.

A) LINGUA GREGA:

1. O grego e as linguas indoeuropeas.
 - 1.1.- As linguas indoeuropeas
 - 1.2.- Grego: unidade e variedade
2. Fonoloxía
 - 2.1.- Signos ortográficos e de puntuación
 - 2.2.- A pronunciación escolar do grego
 - 2.3.- Contraccións vocálicas máis frecuentes
3. A morfoloxía
 - 3.1.- Declinacións
 - Distribución dos nomes nas diversas declinacións. Flexións de cada unha delas
 - Adxectivos: clases e graos
 - Pronomes. Características xerais da flexión pronominal. Artigo. Persoais e posesivos. Demostrativo. Relativo. Interrogativo e indefinido.
 - 3.2.- Conxugación
 - Categoría do verbo. Flexión dos verbos regulares en indicativo e imperativo. Verbos irregulares de uso máis frecuente
 - As formas nominais do verbo
4. A sintaxe
 - 4.1.- Sintaxe da oración simple
 - Particularidades das oracións atributivas
 - A orde de palabras
 - Valores fundamentais dos casos sen preposición
 - Uso dos casos coas principais preposicións
 - A concordancia
 - 4.2.- A oración composta
 - Oracións coordinadas
 - Oracións subordinadas con indicativo. Completivas de infinitivo.

B) A INTERPRETACIÓN DOS TEXTOS GREGOS:

- Traducción directa dos textos facendo uso dos aspectos gramaticais e do léxico coñecidos polo alumno.
- Traducción inversa de textos sinxelos.

C) O LÉXICO GREGO E A SÚA EVOLUCIÓN:

- Vocabulario básico. Campos semánticos.
- Termos científico-técnicos e de cultura xeral nas linguas modernas derivadas do grego.

D) HISTORIA DE GRECIA:

- 1) Xeografía da Grecia antiga.

- 2) Grandes períodos da historia da Grecia antiga.
- 3) O goberno das polis na Grecia clásica.
- 4) Os escravos na Grecia clásica.
- 5) A familia na sociedade da Atenas clásica.
- 6) A educación na Grecia antiga.
- 7) A mitoloxía clásica.
- 8) O teatro na Atenas clásica.
- 9) A medicina na Grecia antiga.

2.3. Temporalización (distribución dos contidos ao longo do curso).

A) PRIMEIRA AVALIACIÓN:

a) LINGUA GREGA:

1. O indoeuropeo.
2. Fonoloxía.
 - 2.1.- Signos ortográficos e de puntuación.
 - 2.2.- A pronunciación escolar do grego.
3. A morfoloxía.
 - 3.1.- Declinacións.
 - Substantivos 1^a/2^a decl.
 - Adxectivos temáticos.
 - Artigo.
 - Persoais e demostrativos.
 - 3.2.- Conxugación: presente e imperfecto dos verbos regulares e εϕμι.
4. A sintaxe.
 - 4.1.- A oración simple
 - Particularidades das oracións atributivas
 - A orde de palabras
 - Valores fundamentais dos casos sen preposición
 - Adxectivo apositivo e predicativo.
 - Localización, dirección, procedencia, tránsito e compañía.
 - Concordancia dos suxeitos neutros pl.
 - 4.2.- A oración composta
 - Coordinadas copulativas, adversativas, causais e consecutivas.
 - Oracións completivas conxuntivas.

b) A INTERPRETACIÓN DOS TEXTOS GREGOS:

- Traducción directa de pequenas frases breves de tipo narrativo e expositivo.
- Traducción inversa de textos sinxelos.

c) O LÉXICO GREGO E A SÚA EVOLUCIÓN:

- Nomes relacionados con:
 - zonas xeográficas, minerais e plantas.

- parentesco e animais domésticos.
- a casa, o mobiliario e os utensilios domésticos.
- vías de comunicación e medios de transporte.
- oficios.
- vestimenta.
- Adxectivos xentilicios, de idade, de medida, de materia e de cor.
- O significado copulativo locativo e existencial do verbo εἶμι.
- Verbos intransitivos de movemento e localización.
- Verbos transitivos de coñecemento, transmisión e recepción.

d) GRECIA E O SEU LEGADO:

- 1) Xeografía da Grecia antiga.
- 2) Grandes períodos da historia da Grecia antiga
- 3) A administración da xustiza en Atenas.
- 4) O goberno das polis na Grecia clásica .
- 5) Os escravos na Grecia clásica.

B) SEGUNDA AVALIACIÓN:

a) LINGUA GREGA:

1. As linguas indoeuropeas
2. Fonoloxía
 - Clasificación dos sons
 - Relación co alfabeto latino das linguas modernas
3. A morfoloxía
 - 3.1.- Declinacións:
 - Vocativo.
 - Nomes contractos temáticos.
 - Os posesivos e o relativo.
 - Formación de comparativas e superlativas regulares.
 - 3.2.- Conxugación.
 - Presente e imperfecto dos verbos contractos.
 - Presente e imperfecto pasivos.
 - Imperativo. Verbos depoñentes.
 - Aoristo sigmático.
4. A sintaxe
 - 4.1.- Sintaxe da oración simple
 - O xenitivo modificador nominal.
 - Alternancia posesivos / persoais en xenitivo.
 - A expresión do complemento axente.
 - Expresión do mandato e do desexo irrealizable.
 - 4.2.- A oración composta
 - Coordinación disxuntiva.
 - A expresión do segundo termo da comparación.
 - Relativas con antecedente.

- Condicionais con indicativo (reais e irreais).

b) A INTERPRETACIÓN DOS TEXTOS GREGOS:

- Traducción directa de textos en forma de diálogo facendo uso de enunciados de diversa modalidade (interrogativa, enunciativa, imperativa e desiderativa).
- Identificación das estruturas fundamentais.

c) O LÉXICO GREGO E A SÚA EVOLUCIÓN:

- Campos semánticos:
 - Nomes de institucións, cargos, tipos sociais e profesións.
 - Adxectivos de cualidades relacionadas coa vida socio-política.
 - Adxectivos de estados de ánimo.
 - Verbos de percepción, sentimento e modificación.
- Procedementos de derivación e composición da lingua grega.

d) GRECIA E O SEU LEGADO:

- 6) A familia na sociedade da Atenas clásica.
- 7) A vivenda grega e o seu equipamento.
- 8) As viaxes na Grecia antiga.
- 9) A vestimenta e o aseo na Grecia antiga.
- 10) A educación na Grecia antiga.

C) TERCEIRA AVALIACIÓN:

a) LINGUA GREGA:

1. Grego: unidade e variedade
2. Fonoloxía
 - Regras de transcripción dos fonemas gregos nos préstamos
 - Contraccións vocálicas máis frecuentes
3. A morfoloxía
 - 3.1.- Declinacións
 - Terceira declinación consonántica.
 - Indefinidos e interrogativos
 - 3.2.- Conxugación.
 - Infinitivo.
 - Aoristos temáticos.
 - φημι
 - Aoristo medio.
4. A sintaxe.
 - 4.1.- Sintaxe da oración simple.
 - Infinitivo adnominal.
 - Uso das negacións.
 - Expresión da instrumentalidade.
 - Valores da voz media.
 - A interrogación directa.
 - 4.2.- A oración composta.
 - Completivas de infinitivo e interrogativas indirectas.

- Outras oracións subordinadas con indicativo.

b) A INTERPRETACIÓN DOS TEXTOS GREGOS:

- Traducción directa dos textos facendo uso dos aspectos gramaticais e do léxico coñecidos polo alumno.
- Profundización na análise de textos.
- Introducción no uso do dicionario.

c) O LÉXICO GREGO E A SÚA EVOLUCIÓN:

- Campos semánticos:
 - Nomes de:
 - capacidades psíquicas.
 - partes do corpo e de enfermidades.
 - realidades míticas.
 - axentes, actividades e cultos relixiosos.
 - Adxectivos de:
 - cualidades relixiosas e intelectivas.
 - cualidades intelectivas.
 - estado físico e situación.
 - Verbos e expresións de obriga, necesidade e posibilidade.
 - Verbos de dicción, interrogación e dúbida.
- Termos científico-técnicos e de cultura xeral nas linguas modernas derivadas do grego.

d) GRECIA E O SEU LEGADO:

- 11) A mitoloxía clásica.
- 12) A relixión na Grecia antiga.
- 13) O teatro na Atenas clásica.
- 14) A medicina na Grecia.

3. Estándares de aprendizaxe.

Tanto as programacións docentes como as intervencións didácticas, necesitan de criterios para avaliar se os alumnos teñen desenvolvidas as capacidades enunciadas nos obxectivos xerais. Neste senso, os criterios de avaliación establecen o tipo e o grao mínimo de aprendizaxe que deben acadar os alumnos. Así mesmo, informa ao profesor sobre o proceso de ensinanza, facilitando a toma de decisións respecto á revisión da metodoloxía utilizada e dos contidos abordados.

a) Criterios relativos ao bloque temático de "Lingua grega"

Nº.	CRITERIO	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
1	Ler con soltura textos gregos.	É capaz de executar unha lectura fluída do grego.
2	Recoñecer e utilizar os diferentes signos do sistema ortográfico grego.	Manexa os signos ortográficos da lingua grega (alfabeto, acentuación, signos de puntuación).
3	Transcribir fonolóxicamente textos gregos.	Distingue entre a lectura escolar e a pronunciación real do grego clásico.
4	Recoñecer o reflexo do alfabeto grego no alfabeto latino.	Establece relacións derivativas entre os signos dos dous alfabetos.
5	Transcribir ao galego e ao castelán vocablos gregos que teñan un derivado nesas linguas e que se axusten ás normas regulares de transcripción.	Asocia vocabulario grego cos helenismos do galego e do castelán.
6	Reconstruír os paradigmas básicos da flexión nominal, pronominal e verbal a partir de palabras que aparezan nun texto grego.	Coñece as nocións morfolóxicas elementais que lle permitan iniciarse no manexo da lingua grega.
7	Comprender o funcionamento da oración simple.	Recoñece en textos gregos as funcións dos casos nos que se manifestan os substantivos e os pronomes que aparecen no texto.
8	Coñecer as estruturas oracionais compostas.	Identifica en textos gregos os indicadores básicos da coordinación e da subordinación.
9	Relacionar os elementos morfolóxicos e sintácticos do grego coa estrutura gramatical doutras linguas que o alumno coñeza (con especial atención ao latín).	Establece comparacións entre a gramática grega e outras gramáticas xa coñecidas, coa finalidade de que a memorización das regras teña un carácter comprensivo e non só repetitivo.

10	Identificar as grandes coordenadas espacio-temporais da lingua grega, apreciar a orixe e influencias mutuas entre esta e outras linguas modernas coñecidas polo alumno.	Situa a lingua grega clásica tanto espacial como temporalmente, e establece relacións históricas relativas á súa orixe e as súas influencias respecto a outras linguas da familia indoeuropea ou outras familias, que os alumnos coñezan. ----- Elabora mapas e relaciona familias léxicas entre as linguas coñecidas, establecendo paralelismos, diferenzas e posibles influencias.
----	---	--

b) Criterios relativos ao bloque temático "A interpretación dos textos"

Nº.	CRITERIO	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
1	Verter á lingua materna textos gregos elementais sen auxilio do dicionario e a partir do vocabulario básico manexado nos textos das actividades.	Comprende un texto grego de dificultade mínima e pode traducilo á lingua galega ou á lingua castelá.
2	Resumir textos gregos adaptados, elaborando esquemas básicos do seu contido e diferenciando as ideas principais das secundarias.	Asimila a intención comunicativa que teñan os textos máis alá do significado literal de cada oración.
3	Dominar o vocabulario básico da lingua grega antiga e os principios que permiten deducir significados.	É capaz de parafrasear o contido duns textos breves orixinais, deducindo o significado das palabras descoñecidas a partir do contexto inmediato e da relación que esas palabras poidan manter con outras da súa mesma familia etimolóxica.
4	Coñecer os aspectos morfolóxicos e sintácticos básicos da lingua grega.	Transforma, de acordo cunhas pautas prefixadas, a estrutura formal de textos breves escritos en grego.

c) Criterios relativos ao bloque temático "O léxico grego e a súa evolución"

Nº.	CRITERIO	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
1	Recoñecer a orixe grega do léxico galego e castelán.	Identifica os helenismos existentes nun texto da lingua materna e deduce o seu significado a partir do significado da palabra grega da que derivan.
2	Relacionar os diferentes temas gregos cos helenismos do galego e do castelán, e recoñecer os significados	Recoñece nun texto grego as palabras que teñen relación etimolóxica coa lingua materna, e explica a súa evolución semántica.

	de tales helenismos.	
3	Adquirir as nocións morfolóxicas elementais que permiten iniciarse no manexo da lingua grega.	Recoñece en palabras de textos gregos algúns dos prefixos e sufixos máis productivos da lingua grega e identifica as regras derivativas que operan na formación desas palabras

d) *Criterios relativos ao bloque temático "Historia de Grecia"*

Nº.	CRITERIO	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
1	Ler e analizar unha obra teatral grega relacionandoa coas estruturas desa forma literaria e cos procedementos utilizados.	Analiza unha traxedia ou unha comedia grega, e recoñece a súa estrutura e os procedementos técnicos que as caracterizan.
2	Comprender o teatro clásico como un produto cultural situado nun contexto socio-histórico determinado.	Establece relacións entre unha obra teatral representativa e o marco socio-cultural no que se produciu.
3	Descubrir como a mitoloxía permaneceu na creación artística e literaria ao longo da historia da cultura occidental.	Identifica, en obras de creación das diferentes épocas da cultura occidental, os principais mitos clásicos.
4	Recoñecer no mundo actual a pervivencia dos elementos socio-culturais da civilización grega antiga.	Identifica os elementos socio-culturais gregos que perviven no mundo actual.
5	Identificar e describir as principais formas de organización de exercicio do poder na Grecia clásica, valorando a importancia relativa de cada unha delas como marco para o desenvolvemento da igualdade social e da liberdade individual	Realiza unha análise comparativa das institucións existentes na Grecia clásica, e relaciona coherentemente tales realidades cos distintos intereses sociais.
6	Ubicar espacial e temporalmente os acontecementos e procesos máis relevantes da historia de Grecia na Antigüidade.	Sitúa xeográfica e historicamente feitos significativos da civilización grega antiga.
7	Analizar aspectos definatorios das distintas épocas da historia de Grecia, establecendo unha comparanza entre elas, que permita apreciar as permanencias e os cambios.	Recoñece e valora o proceso de cambio histórico a partir do estudo das diferenzas e analogías entre distintos momentos da historia de Grecia.
	Situar no tempo e describir as	

8	manifestacións culturais básicas da civilización grega, analizando as súas relacións co contexto histórico e ponderando a súa aportación á cultura humana universal.	Citar, con precisión cronolóxica, manifestacións culturais de diverso tipo, explicando a súa relación coa situación histórica na que foron creadas e valorando a súa compoñente de universalidade.
9	Ser capaz de recopilar información e organizar datos, e tamén de expor correctamente por escrito as conclusións obtidas.	Obtén, a partir de fontes antigas e modernas de diversa índole, información sobre temas monográficos, e comunica de forma coherente e organizada o resultado de tal investigación.

4. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

Competencia clave	Partes do currículo que contribúen ao desenvolvemento destas competencias
Comunicación linguística (CCL)	Esta competencia ten unha presenza central na material, dado que o obxectivo central do estudo da lingua grega é favorecer o maior coñecemento e dominio das linguas propias.
Conciencia e expresións culturais (CCEC)	Esta competencia está particularmente presente no estudo da literatura grega e das diversas manifestacións culturais da Grecia antiga. O coñecemento destes aspectos da cultura grega, lévanos a consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contexto.
Aprender a aprender (CAA)	Esta competencia está impulsada de modo particular pola práctica da tradución que, non só constitúe por si mesma un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo.
Competencias sociais e cívicas (CSC)	Estas competencias poden traballarse particularmente nos bloques referidos á civilización grega. A vida político-social préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico da realidade. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade.
Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)	Esta competencia estará presente sobre todo cando, nos bloques de contidos non lingüísticos, aproveitamos a metodoloxía do traballo en grupo. Esta forma de actividade colaborativa exige que o alumno materialice de un modo práctico as súas ideas e as execute conforme a un proxecto previamente deseñado.
Dixital (CD)	En todas as actividades o alumnado deberá localizar determinadas informacións a través do uso das TIC. O proceso de procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, deberán servir para programar traballos colaborativos e producir novos materiais.
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía CMCT	Esta competencia pode traballarse nos temas de cultura e civilización gregas e nas epígrafes referidas á localización xeográfica e temporal.

5. Avaliación cualificación do alumnado.

5.1. Tipos de avaliación.

No desenvolvemento da materia, a avaliación forma parte dun todo no que as distintas partes están interrelacionadas e deben contribuir á consecución dos obxectivos propostos; pois a finalidade principal da avaliación é coñecer como se vai desenvolvendo o proceso de ensinanza-aprendizaxe e poder reconducilo se for necesario. O proceso de avaliación dos resultados ten que ser simultáneo ao proceso de ensinanza-aprendizaxe, e debe server para informarnos sobre a evolución de cada alumno en particular e do grupo en xeral.

Diferenciamos tres tipos de avaliación:

- a) Avaliación inicial, que nos informa sobre os coñecementos cos que parte o alumnado.
- b) Avaliación formativa ou procesual, que nos da a información do momento no que se encontra o proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- c) Avaliación sumativa, que se realiza ao final da unidade para saber se se alcanzaron os obxectivos propostos.

Para ter en conta os diferentes componentes do currículo será necesario poñer, deseñar e realizar as actividades axeitadas que lle permitan ó alumnado e ao profesorado obter datos suficientes e fidedignos sobre o avance do proceso de ensinanza -aprendizaxe que se produce en cada unidade didáctica, o que favorecerá a avaliación, a autoavaliación e conseguir estratexias que permitan superar, de maneira autónoma ou con axuda, as dificultades.

5.2. Instrumentos de avaliación.

Un instrumento fundamental para a avaliación nesta materia é a análise da realización de actividades. As tarefas da clase poden ser individuais, en pequeno grupo ou en gran grupo; e poden realizarse integramente na aula, parcialmente na aula ou totalmente fóra da aula. Mediante a análise dos diversos tipos de traballo, o profesor pode comprobar e rexistrar o proceso que o alumnado está seguindo na aprendizaxe do grego. O instrumento básico de rexistro será una ficha persoal do alumno onde se recollerán anotacións dos resultados tanto do seu labor diario como da súa participación, evolución e progreso cognitivo.

Outros instrumentos como as probas escritas ou orais. non deben ser rexeitadas porque son útiles para a avaliación normativa, pero deben utilizarse como unha actividade máis no proceso de aprendizaxe, sabendo que a súa finalidade é comprobar o proceso e contribuir a melloralo; sen esquecer que, debido ao carácter propedéutico que en boa medida se lle atribúe ao bacharelato, o alumnado precisa un ir adquirindo un certo hábito neste tipo de técnicas.

5.3. Criterios básicos de cualificación final.

Para cada avaliación, o alumno deberá facer unha proba escrita. A nota da avaliación coincidirá precisamente coa cualificación obtida nesa proba.

Resulta imprescindible, para superar o curso, conseguir unha nota igual ou superior a 5 en cada unha das avaliacións; se o alumno non alcanzase esa cualificación nas probas ordinarias, terá ao longo do curso diversas oportunidades extraordinarias para poder superar esa parte da materia suspensa.

A cualificación final sairá da media aritmética dos parciais aprobados, sen menoscabo de que poida haber unha suma de puntos por méritos contraídos nas diversas actividades de clase; en ningún caso a nota final vai ser inferior á mencionada media aritmética.

As probas escritas que se fagan en cada avaliación constarán de tres partes:

- Lingua grega: 3 puntos.
- Interpretación dos textos: 3 puntos.
- O léxico: 2 puntos.
- Cultura: 2 puntos

A proba considerárase aprobada só cando se obteña una cualificación igual ou superior ao 50% en cada un dos apartados (é dicir, mínimo de 1,5 - 1,5 - 1 - 1).

5.4. A recuperación.

Dado o carácter progresivo da asignatura, o alumno que suspenda algunha avaliación poderá recuperala de maneira automática suerando a avaliación seguinte.

Como actividades de reforzo, programamos un conxunto de exercicios abundantes e variados, suficientes para afianzar os contidos lingüísticos (morfo – sintaxe), léxicos e culturais dende un nivel básico e xeral. Para os alumnos con problemas de asimilación de contidos deben prepararse exercicios de dificultade graduada para os temas lingüísticos e léxicos. Para os temas de cultura farán breves lecturas, traballos e esquemas, sempre controlados polo profesor.

Igualmente, ao longo do curso, realizaremos en cada momento as adaptacións precisas que se requiran, despois de ir vendo que é o que o alumno non entende ou non consegue ver. Tamén faremos unha adaptación dos contidos máis problemáticos, e comprobamos mediante probas cales foron os obxectivos acadados e cales deben ser mellorados.

5.5. Recuperación da materia pendente.

No que se refire á organización das actividades de seguimento, avaliación e recuperación da materia pendente de 1º de Bacharelato, decidimos dividir a asignatura en dúas partes, coa finalidade de facilitarlles aos alumnos o proceso de

recuperación. A proba (de carácter voluntario) correspondente á primeira parte terá lugar no mes de xaneiro, e comprenderá os contidos que a programación ordinaria do curso ten previsto para as dúas primeiras avaliacións. No mes de maio, deberáse realizar a proba correspondente á materia restante, o ben da totalidade no caso de non ter superado o primeiro parcial (ou de querer presentarse a un único exame). Na nota final dos alumnos que elixan a opción de examinarse en dous parciais, a primeira proba valerá o 60% e a segunda o 40%.

Como actividade de reforzo, o departamento recomenda a repetición das actividades propostas no libro de texto, e ademais facilitamos ao alumno que así o requira outros exercicios de dificultade similar. Ademais proporcionamoslles modelos de exercicios e estamos a disposición deles para resolver dúbidas concretas.

II. PROGRAMACIÓN DE *GREGO II* (Segundo de Bacharelato)

1. Obxectivos.

a) Prioritarios:

- 1º) Profundar na interpretación e na traducción de textos adaptados aos coñecementos lingüísticos do alumno.
- 2º) Coñecer a gramática grega precisa para a traducción de textos de moderada complexidade.
- 3º) Coñecer o léxico da lingua grega necesario para a interpretación de textos de moderada complexidade, coa axuda do dicionario.
- 4º) Identificar as etimoloxías gregas no vocabulario das linguas coñecidas polo alumno.

b) Complementarios:

- 5º) Interpretar textos gregos traducidos captando a súa estrutura e o seu contido conceptual.
- 6º) Apreciar os valores éticos , políticos e estéticos do mundo grego a través dos seus textos.
- 7º) Desenvolver técnicas de traballo intelectual mediante o uso de documentos de índole diversa.

2. Os contidos.

2.1. Contidos programados.

A) *Lingua grega*.

1. Morfoloxía.

1.1. A flexión nominal: paradigmas máis frecuentes.

1.2. A flexión pronominal: numerais, determinantes e pronomes.

1.3. Flexión verbal. As súas particularidades.

2. Sintaxe:

- Función das palabras dentro da frase.
- Valores dos tempos e dos modos verbais.
- A subordinación.

B) A interpretación dos textos.

- Lectura comprensiva, tradución e comentario de textos orixinais.
- Lectura e comentario de obras e fragmentos gregos traducidos.

C) O léxico grego e a súa evolución.

- Vocabulario básico e de nova adquisición.
- Uso do dicionario.
- As conexións etimolóxicas co léxico actual da técnica, da ciencia e da cultura nas linguas do currículo.

D) Grecia e o seu legado

- A transmisión dos textos gregos
- Os principais xéneros literarios gregos. Autores máis representativos.
- Os modelos literarios gregos e a súa influencia nas literaturas europeas.

E) Comúns.

- Interpretación crítica de textos.
- A tradución como técnica. A exactitude na expresión lingüística.
- Valoración do estilo dun texto en función das súas peculiaridades.
- A literatura grega como creadora dos xéneros literarios.
- Influencia da literatura grega na literatura posterior.
- Valoración crítica das raíces gregas da ciencia e do pensamento europeos.

2.2. Contidos mínimos.

A) LINGUA GREGA:

1. Morfoloxía: A flexión nominal e verbal. As súas particularidades.
2. Sintaxe:
 - Función das palabras dentro da frase.
 - Valores dos tempos e dos modos verbais.
 - A subordinación.

B) A INTERPRETACIÓN DOS TEXTOS GREGOS:

- Tradución e interpretación de textos de gradual complexidade e relativa extensión, correspondentes á prosa histórica, á prosa filosófica e á poesía dramática, e recoñecemento das estruturas que as caracterizan.

C) O LÉXICO GREGO E A SÚA EVOLUCIÓN:

- Vocabulario básico e de nova adquisición.

- As conexións etimolóxicas co léxico actual da técnica, da ciencia e da cultura nas linguas do currículo.

D) GRECIA E O SEU LEGADO:

- Os principais xéneros literarios gregos. Autores máis representativos.

2.3. Temporalización dos contidos.

A. Primeira avaliación.

a) Lingua grega.

1. Morfoloxía: repaso da flexión nominal e verbal.

2. Sintaxe: función das palabras dentro da frase.

b) Interpretación dos textos gregos: traducción, comentario e análise de textos adaptados de Herodoto.

c) O léxico grego e a súa evolución: vocabulario de nova adquisición relacionado cos textos.

d) Grecia e o seu legado:

- Os principais xéneros literarios gregos. Autores máis representativos.

- Os modelos literarios gregos e a súa influencia nas literaturas europeas.

B. Segunda avaliación.

a) Lingua grega.

1. Morfoloxía: particularidades da flexión nominal.

2. Sintaxe: a subordinación.

b) Interpretación dos textos gregos: traducción, comentario e análise de textos de Tucídides.

c) O léxico grego e a súa evolución:

- Vocabulario de nova adquisición relacionado cos textos.

- Derivación e composición da lingua grega.

d) Grecia e o seu legado:

- O teatro clásico.

C. Terceira avaliación.

a) Lingua grega.

2. Morfoloxía: particularidades da flexión verbal.

3. Sintaxe: valores dos tempos e dos modos verbais.

b) Interpretación dos textos gregos: traducción, comentario e análise de textos de Xenofonte.

c) O léxico grego e a súa evolución:

- Vocabulario de nova adquisición relacionado cos textos.

- As conexións etimolóxicas co léxico actual da técnica, da ciencia e da cultura nas linguas do currículo.

d) Grecia e o seu legado:

- A lírica

3. Estándares de aprendizaxe.

a) Criterios relativos ao bloque temático de "Lingua grega"

Nº	CRITERIO	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
1	Adquirir as nocións morfolóxicas que permitan progresar no coñecemento da lingua grega.	Recoñece formas nominais e verbais que se aparten dos modelos vistos no nivel elemental e identifica as peculiaridades que nelas aparecen.
2	Comprender o funcionamento da oración simple.	Analiza en textos gregos orixinais as funcións dos casos.
3	Coñecer as estruturas oracionais compostas.	Identifica en textos gregos os indicadores básicos da composición oracional.
4	Establecer comparacións entre a gramática grega e outras gramáticas xa coñecidas.	Analiza as relacións entre os elementos morfosintácticos do Grego e establece comparacións entre a estrutura morfosintáctica desta lingua e a das outras linguas do currículo.

b) Criterios relativos ao bloque temático "A interpretación dos textos"

Nº.	CRITERIO	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
1	Comprender un texto grego de dificultade media e traducilo de forma coherente.	Verte á lingua galega ou castelá textos gregos pertencentes aos diversos xéneros literarios.
2	Asimilar a intención comunicativa que teñan os textos máis alá do significado literal de cada oración.	Resume textos gregos orixinais, diferenciando as ideas principais das secundarias

c) Criterios relativos ao bloque temático "O léxico grego e a súa evolución"

Nº	CRITERIO	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
1	Ser capaz de manexar o léxico da lingua grega.	Identifica o significado léxico básico que aparece nos textos gregos orixinais e dedúceo a través doutros termos próximos polo contexto en que aparecen, elixindo, cando sexa necesario, o termo preciso no dicionario
2	Relacionar os diferentes temas gregos cos helenismos do galego e do castelán.	Recoñece nun texto grego as palabras que teñen relación etimolóxica coa lingua materna, e explica a súa evolución semántica

d) *Criterios relativos ao bloque temático "Historia de Grecia"*

Nº	CRITERIO	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
1	Identificar os elementos esenciais dun texto literario e a capacidade de recoñecer os trazos difereciais dos xéneros literarios.	Comenta formal e conceptualmente textos literarios e filosóficos orixinais que informen sobre o sistema de valores da civilización grega e da unha opinión crítica sobre eles, especialmente sobre a súa vixencia no mundo actual
2	Integrar en temas interdisciplinares os coñecementos adquiridos, comparando a época grega clásica con outras, sobre todo coa actual.	Sabe explicar a relación dos textos gregos coa situación histórica na que foron creadas e valora a súa compoñente de universalidade.
3	Recopilar información, organizar os datos e realizar unha correcta exposición escrita das conclusións obtidas.	Planifica e realiza sinxelas investigacións sobre temas monográficos, manexando fontes de diversa índole.

4. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

Competencia clave	Partes do currículo que contribúen ao desenvolvemento destas competencias
Comunicación linguística (CCL)	Esta competencia ten unha presenza central na material, dado que o obxectivo central do estudo da lingua grega é favorecer o maior coñecemento e dominio das linguas propias.
Conciencia e expresións culturais (CCEC)	Esta competencia está particularmente presente no estudo da literatura grega e das diversas manifestacións culturais da Grecia antiga. O coñecemento destes aspectos da cultura grega, lévanos a consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contexto.
Aprender a aprender (CAA)	Esta competencia está impulsada de modo particular pola práctica da tradución que, non só constitúe por si mesma un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo.
Competencias sociais e cívicas (CSC)	Estas competencias poden traballarse particularmente nos bloques referidos á civilización grega. A vida político-social préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico da realidade. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade.
Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)	Esta competencia estará presente sobre todo cando, nos bloques de contidos non lingüísticos, aproveitamos a metodoloxía do traballo en grupo. Esta forma de actividade colaborativa exige que o alumno materialice de un modo práctico as súas ideas e as execute conforme a un proxecto previamente deseñado.
Dixital (CD)	En todas as actividades o alumnado deberá localizar determinadas informacións a través do uso das TIC. O proceso de procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, deberán servir para programar traballos colaborativos e producir novos materiais.
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía CMCT	Esta competencia pode traballarse nos temas de cultura e civilización gregas e nas epígrafes referidas á localización xeográfica e temporal.

5. Avaliación e cualificación do alumnado.

5.1. Tipos de avaliación.

Ao igual que no curso anterior, a avaliación forma parte dun todo no que as distintas partes están interrelacionadas e debe contribuír á consecución dos obxectivos. Para ter en conta os diferentes compoñentes do currículo será elaborar as actividades axeitadas que nos permitan obter datos suficientes sobre o avance do proceso de ensinanza -aprendizaxe que se produce en cada unidade didáctica.

5.2. Instrumentos de avaliación.

A nosa técnica fundamental para a avaliación neste curso, no que sempre contamos con moi poucos alumnos, segue sendo a análise da realización de actividades, que é o mellor medio de comprobar o proceso que o alumnado está seguindo na aprendizaxe da asignatura. Con todo, tampouco rexeitamos o uso de outras técnicas como os exames e as probas obxectivas, utilizándoas sempre como unha actividade máis no proceso de aprendizaxe.

5.3. Criterios básicos de cualificación final.

Para cada avaliación, o alumno deberá facer unha proba escrita. A nota da avaliación coincidirá precisamente coa calificación obtida nesa proba.

Resulta imprescindible, para superar o curso, conseguir unha nota igual ou superior a 5 en cada unha das avaliacións; se o alumno non alcanzase esa calificación nas probas ordinarias, terá ao longo do curso diversas oportunidades extraordinarias para poder superar esa parte da materia suspensa.

A calificación final sairá da media aritmética dos parciais aprobados, sen menoscabo de que poida haber unha suma de puntos por méritos contraídos nas diversas actividades de clase; en ningún caso a nota final vai ser inferior á mencionada media aritmética.

As probas escritas que se fagan en cada avaliación constarán de tres partes:

- Lingua grega: 3 puntos.
- Interpretación dos textos: 5 puntos.
- O léxico: 1 punto.
- Cultura (Historia de Grecia): 1 punto.

A proba considerarase aprobada só cando se obteña una calificación igual ou superior ao 50% en cada un dos apartados (é dicir, mínimo de 1,5 - 2,5 - 0,5 - 0,5).

5.4. A recuperación.

Dado o carácter progresivo da asignatura, o alumno que suspenda algunha avaliación poderá recuperala de maneira automática suerando a avaliación seguinte.

Para os alumnos con problemas de asimilación de contidos deben prepararse exercicios de dificultade graduada para os temas lingüísticos e léxicos. Tamén faremos unha adaptación dos contidos máis problemáticos, e comprobamos mediante probas cales foron os obxectivos acadados e cales deben ser mellorados.

III. METODOLOXÍA E RECURSOS DIDÁCTICOS.

1. Metodoloxía.

Os principios xerais da aprendizaxe significativa e, en particular, a distinta forma de aprender os tres tipos de contidos condicionan a metodoloxía que se aplique nesta materia.

O alumnado que chega ao Bacharelato non recibiu, en principio, ningún coñecemento da lingua grega. Agárdase, eso si, que teña un dominio suficiente da súa propia lingua que lle permita profundar no coñecemento doutra partindo do da propia.

Dun xeito interactivo, o estudio do Grego hálles permitir ós alumnos un coñecemento cada vez máis aproximado desta materia e ó mesmo tempo han perfeccionar o coñecemento da propia lingua de maneira autónoma máis alá destes anos escolares.

O enfoque que se lle ha dar á ensinanza-aprendizaxe do Grego non pode ser o de estudar o Grego polo Grego, que, como tal lingua, xa non se fala; pero atópase viva na lingua do alumnado e, desde este punto de vista, debe ser totalmente funcional. Este enfoque funcional debe permitir, no Bacharelato, deseñar unha actividade didáctica baseada na combinación da exposición e da indagación.

Nesta etapa educativa o alumnado está nunha etapa psicoevolutiva que lle permite unha maior concentración e abstracción. A exposición pode, consecuentemente, ter unha presenza maior ca na ESO xa que os alumnos e deben adquirir contidos conceptuais máis complexos nun tempo máis breve, capacidade que mellorará notablemente co traballo de análise da exposición. Mediante a exposición o profesor presenta un contido explícitamente organizado na súa forma final. Para que o alumno o asimile a explicación debe incluír unha introducción motivadora e orientadora que lle permita tomar conciencia dos seus coñecementos previos sobre o contido principal da exposición, seguida dunha presentación estruturada das ideas do tema -acompañada das pausas e breves resumos necesarios para que os alumnos tomen notas, e poidan interactuar co profesor matizando a súa comprensión dos conceptos- e dunha síntese final.

No canto de recibir a información elaborada, como no caso da exposición do profesor, mediante a indagación o alumnado debe reorganizala, construíndo así o seu propio coñecemento. As actividades de indagación e busca de información son esenciais á hora de desenvolver estratexias de aprendizaxe autónoma, razón pola que non deben ser descartadas en favor da exposición da información polos profesores. Os alumnos deben ser conscientes das opcións que han tomar en cada caso, segundo que a toma de notas demande unha reorganización posterior dos contidos ou unha síntese, ampliación, análise, etc., dos mesmos en función, tamén, de que se trate de contidos previamente adquiridos ou de novos contidos.

A interpretación dos textos require uns coñecementos explícitos de natureza

lingüística. Estes coñecementos non deben adquirirse por simple memorización e identificación de conceptos e de definicións lingüísticas, senón mediante estratexias de indagación. O profesor debe crear estas situacións de aprendizaxe, é dicir, situacións concretas de lingua que o alumnado deberá analizar e comentar e, ó fío destas actividades, reflexionar sobre os compoñentes de natureza lingüística.

Esta reflexión sobre o texto debe partir da consideración do mesmo como unha unidade de sentido, por isto ten que ser coherente no seu significado e as actividades deben deseñarse de forma que permitan a reflexión sobre cada unha das súas partes e sobre a conexión entre elas.

Ao mesmo tempo, as actividades deben planificarse de xeito que permitan, por un lado, a análise dos elementos morfosintácticos non en si mesmos, senón en función da súa aplicación en unidades superiores (parágrafo, texto) e, polo outro, a reflexión sobre os elementos léxico-semánticos encamiñada a conseguir un maior enriquecemento do léxico persoal, en especial o científico e o técnico que nesta etapa, debido á maior complexidade das materias do currículo, os alumnos deben coñecer, aprender e usar de maneira correcta e axeitada.

A reflexión lingüística debe prestar atención ás interferencias fonéticas, morfosintácticas e léxicas que se producen entre as dúas linguas en contacto da nosa comunidade e ós conflitos que se derivan deste contacto. Para isto deben deseñarse algunhas actividades que lle permitan ao alumnado, a través da reflexión sobre a lingua grega, comprender e conceptualizar aspectos da diversidade lingüística, recoñecer e analizar as interferencias lingüísticas que se producen nos falantes e, polo tanto, perfeccionar os seus coñecementos sobre as estruturas morfosintácticas do galego e do castelán e enriquecer o léxico propio de cada lingua, ó mesmo tempo que fortalece actitudes de respecto, de tolerancia, de eliminación de posibles prexuízos etc. con respecto ós falantes e ás linguas.

A reflexión sobre a lingua debe partir do texto e rematar no texto, considerado como a unidade lingüística máis complexa, dentro da cal se atopan as outras unidades lingüísticas (oración, cláusula, frase ou sintagma, palabra, morfema, fonema). A combinación da exposición e da indagación, así como a secuencia e o deseño de actividades motivadoras, interesantes e concretas, permitirán ó alumnado descubrir o artellameento desta unidade supraoracional que é o texto e conseguir unha mellor competencia tanto no que se refire á comprensión como á expresión.

A selección de textos sobre os que se traballe ha abranguer a máis ampla variedade de situacións; debe adecuarse ó alumnado dende a perspectiva da súa bagaxe cultural, das súas necesidades académicas, dos seus intereses e de fomentar o seu espírito crítico.

A indagación será idónea para que os alumnos reflexionen sobre os distintos elementos lingüísticos e non lingüísticos que compoñen o texto a través dos que poderán descubrir a estrutura, a función que cada elemento ten no texto, a relación

entre os distintos elementos, a súa presenza noutros textos, e establecer relacións entre texto e contexto, o que implica a planificación de actividades que permiten insistir en determinados procedementos tales como identificación, tradución, análise, recoñecemento, dedución, observación, manexo de diversas fontes e outros como debates, exposicións, consultas, investigacións, lecturas, reflexións, etc., subordinados á lectura do texto .

2. Recursos didácticos.

O material didáctico básico en ambos cursos é o libro de texto que o propio Departamento de Grego edita para uso interno no propio centro. Trátase dun proxecto que nos está dando excelentes resultados académicos, tal e como pode comprobarse nas calificacións que os nosos alumnos de segundo curso veñen obtendo estes últimos anos na as probas de selectividade.

No primeiro curso, os criterios empregados para a organización das unidades teñen en conta a lóxica da disciplina, o proceso evolutivo dos alumnos e os seus coñecementos previos, ademais dunha aproximación ás súas necesidades e intereses.

Como eixo vertebrador dos contidos pártese de áreas temáticas relacionadas coa vida dos antigos gregos. Comézase por temas próximos como a vivenda, a familia, as viaxes, etc., para chegar a outros de interese máis xeral (xustiza, política, educación, relixión, etc.). Dos temas propostos derívanse contextos situacionais nos que se producen distintos tipos de interacción e formas discursivas de distinta natureza (narración, diálogo, argumentación, etc.). Para a selección das situacións de comunicación de cada unidade tivéronse un conta dous criterios: atender á variedade de contextos relacionados co tipo de discurso de que se trate, e establecer unha conexión co bloque temático de Cultura grega. En cada unidade didáctica desenvólvese ademais un tema dos presentados no bloque de Cultura, en función da área conceptual que domine a unidade.

O libro do segundo curso, contén igualmente unha organización progresiva dos textos en atención aos contidos, pero a concepción é un pouco distinta. O primeiro bloque está constituído por un conxunto de textos adaptados de Herodoto, relativos ás Guerras Médicas. O segundo bloque é unha selección de textos de orixinais de Tucídides, convenientemente anotados para facilitar a comprensión, e que tratan sobre o inicio da Guerra do Peloponeso. Finalmente, o bloque terceiro está dedicado ás Helénicas de Xenofonte. O libro conta ademais cuns apéndices destinados á gramática, as etimoloxías e o vocabulario necesario para traducir os textos. Estes materiais de carácter básico vense complementados cos materiais informáticos aos que facemos referencia no apartado relativo ao uso das TICs.

IV. OUTRAS CUESTIÓNS.

1. Medidas de atención á diversidade.

Todos sabemos que en cada grupo conviven múltiples mundos diferentes, coas súas preferencias, intereses, motivacións, etc., e que ademais presentan diferencias no proceso de aprendizaxe, pero isto é inherente ao ser humano. Sen embargo, atopámonos con alumnos e alumnas con dificultades de aprendizaxe (por limitacións persoais, polo ambiente socio-cultural, etc.) ou pertencentes a distintas culturas. A todos eles temos que ofrecerlles unha resposta que sirva:

1º.- para atender os seus intereses e necesidades.

2º.- para que acaden os obxectivos da materia.

Cada profesor, de xeito individual, poderá adaptar a súa programación a estes alumnos, téndoo tamén en conta no momento da avaliación. Sen embargo, a decisión final destas adaptacións deberá ser tomada polo grupo de para que realmente sexan efectivas. O camiño a seguir sería:

a) Coñecer a situación de partida dos alumnos e alumnas antes de iniciar a secuencia de aprendizaxe.

b) Facilitar a aprendizaxe significativa establecendo traballos que eles mesmos desenvolvan (consulta de material na biblioteca, ou doutros materiais que o centro teña).

c) Diseñar actividades que axuden a crear hábitos e técnicas de estudo (aprender resumos, esquemas,...).

d) Seleccionar contidos que se poidan tratar desde distintas áreas.

e) Empregar os mesmos recursos didácticos en áreas distintas (enciclopedia, dicionarios, etc.).

2. A programación de temas transversais.

Ao longo de toda a etapa, temos que ter en conta a transversalidade, establecéndoa como obxectivo e como contido. O Currículo do Bacharelato establece que os Contidos Transversais teñen que estar presentes nas distintas áreas e materias. No Currículo do Bacharelato podemos ler: "A educación moral e cívica, a educación para a saúde e a calidade de vida, para a igualdade entre os sexos ... estarán presentes a través das diferentes materias ó longo de toda a etapa".

A transversalidade é un xeito de aprender obxectivos e contidos diferentes daqueles ós que tradicionalmente se consideraban como tales nos planos de estudio. Estes implican unha nova concepción pedagóxica. É unha maneira de que a vida entre na aula.

No noso caso concreto fixaremos algúns que dunha maneira constante van rexer o noso labor diario. Serían:

1º.- Evitar o uso de substantivos e adxectivos que poidan ser usados con connotacións racistas.

2º.- Fomentar a comprensión e o respecto das diferentes culturas, partindo das nosas propias diferencias (lingüísticas, cultura do interior fronte á da mariña,

costumes...)

3º.- A educación moral e cívica será especificamente tratada nas unidades didácticas VII e VIII, onde figuran como contidos actitudinais:

- Aprecio da organización xurídica como condición necesaria dunha orde social xusta.

- Valoración da democracia como marco formal para a realización dos ideais éticos de igualdade e liberdade.

4º.- A educación para a saúde e a calidade de vida tamén está tratada especificamente na unidade XII, onde propuxemos os seguinte contido actitudinal:

- Interese por adquirir novos coñecementos sobre os temas médicos , coa finalidade de mellorar os propios hábitos.

Para finalizar, debemos dicir que estes temas teñen que ser tratados desde o punto de vista dun ensino globalizador e interdisciplinar, non como un feito puramente anecdótico e desconectado do resto dos contidos; deben ser, ademais, compartidos por toda a comunidade escolar.

3. Actividades de contribución ao Proxecto TIC.

As TIC (Tecnoloxías da Información e da Comunicación) son un conxunto de servicios, redes, software e dispositivos que teñen como fin a mellora da calidade de vida das persoas dentro dun entorno e que se integran nun sistema de información interconectado e complementario.

É o que comunmente se denomina informática e encárgase do estudio, desenvolvemento, implementación, almacenamento e distribución da información mediante o uso de sistemas informáticos.

O uso das TIC representan un cambio moi importante na sociedade e polo tanto na educación, nas relación das persoas e na forma de difundir e xerar coñecementos. A primeira vantaxe das novas tecnoloxías é a de poñer á disposición de profesores e alumnos grandes cantidades de información que poden utilizar en varios canles sensoriais á vez.

Outra vantaxe das TIC é a de favorecer o desenvolvemento dalgunhas destrezas e habilidades, difíciles de acadar cos sistemas tradicionais. Son as habilidade que permiten buscar, seleccionar, organizar e manexar nova información. Permiten unha autonomía no proceso da aprendizaxe. Desenvolven a auto - estima, a motivación interna; disposición para aceptar e comprender múltiples puntos de vista; o respecto polos demais e polas súas opinións, etc.

De acordo con estes principios, propoñemos as seguintes actividades destinadas a incrementar o uso das TICs entre o noso alumnado:

- Polo menos, un dos temas culturais programados deberá ser exposto na clase por grupos de alumnos, utilizando a ferramenta informática do Powerpoint.

- Uso dos medios de comunicación especialmente Internet para a recollida de material e elaboración de traballos, tanto individuais como colectivos./ Saber buscar

información tanto en enciclopedias como en Internet sobre temas e traballos propostos.

- Tamén os estudantes poden realizar en grupos proxectos, investigacións, exercicios aproveitando os recursos TIC do centro (ordenadores, contidos da rede e outros recursos de Internet) contando coa axuda do profesor que fará un seguimento das súas aprendizaxes.

4. Actividades de contribución ao Proxecto lingüístico.

O Proxecto lingüístico constitúe unha das prioridades do departamento, dado que entendemos que a faciliade lectora constitúe unha ferramenta básica de cara ao proceso de aprendizaxe e a formación do alumnado. Sen tales habilidade non é posible assimilar a información contida nos textos nin avaliala de modo crítico. A lectura estimula a creatividade e favorece o desenvolvemento da capacidade de abstracción. Cando esa lectura é realmente comprensiva, o individuo está en condicións de converter a información en coñecemento.

En consonancia coa importancia que lle concedemos a este ámbito da formación, propoñemos as seguintes actividades para os dous cursos de Bacharelato:

- Creación dun espazo na páxina web do departamento na que se dean a coñecer os recursos existentes na biblioteca relacionados coa nosa disciplina e onde se anuncien as novas adquisicións.

- Organizar unha visita á biblioteca do centro, para que o alumno tome contacto directo cos fondos bibliográficos relacionados coa nosa disciplina.

- Propoñer diversos traballos en grupo (un por trimestre en cada curso) que versen sobre diversos aspectos da cultura grega e que requiran a consulta de determinados recursos bibliográficos.

- Recomendar a lectura de algunhas obras literarias da Grecia antiga.

5. Actividades complementarias e extraescolares.

A principal actividade extraescolar que levamos a cabo é a excursión a algún dos puntos da Península Ibérica con importantes restos arqueolóxicos de época romana (Mérida, Coímbra, Tarragona, Sevilla). Trátase de unha actividade, que aínda que está máis conectada co mundo romano que co grego, sempre nos permite visualizar varios dos temas culturais que previamente se traballaran na clase durante o curso.

No presente curso tentaremos sacar adiante a tan ansiada excursión a Grecia, en colaboración co I.B. Rosalía de Castro de Santiago.

6. Mecanismos para avaliar a propia programación.

Tal e como se suxeriu no apartado dedicado á avaliación dos alumnos,

esta actividade non pode restrinxirse a un xuízo numérico sobre os coñecementos do alumnado, senón que debe ter tamén a finalidade de coñecer como se vai desenvolvendo o proceso de ensinanza-aprendizaxe e de reconducilo se fose preciso.

Para ter en conta os diferentes compoñentes do currículo será necesario propoñer, deseñar e realizar as actividades axeitadas que lle permitan ao profesor obter datos suficientes e fidedignos sobre o avance do proceso de ensinanza-aprendizaxe que se produce en cada unidade didáctica, o que favorecerá tanto a autoavaliación do propio proceso como a consecución de estratexias que axuden a superar as dificultades.

Sería conveniente que o profesor utilizase estes mecanismos de maneira periódica, e que lle servisen non só para diagnosticar o grao de consecución dos obxectivos e de asimilación dos contidos (conceptuais, procedimentais e actitudinais), senón que tamén para averiguar outros aspectos non menos interesantes como a coherencia entre os obxectivos propostos e as posibilidades reais dos alumnos, a idoneidade e suficiencia das actividades propostas ou a adecuación das estratexias para crear un clima de confianza e respecto.

VIII. ADAPTACIÓNS DA PROGRAMACIÓN

1. As aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior.

O Grego de primeiro de bacharelato ten como obxectivo prioritario a toma de contacto coa lingua e a cultura gregas, polo que o desenvolvemento da programación non depende directamente de aprendizaxes adquiridas en cursos anteriores. Para o acceso aos contidos da materia, é moi aconsellable que os alumnos teñan cursado previamente Latín en cuarto da ESO, pero non é imprescindible. A realidade coa que nos enfrontamos curso a curso é que boa parte dos alumnos que escollen esta asignatura teñen unha formación escasa ou nula en relación coa lingua latina; co que o desenvolvemento da programación non pode contar con ningún tipo de aprendizaxe previa específica adquirida en cuarto da ESO.

Un caso distinto é o de Grego de segundo de Bacharelato. Para que o alumnado poida alcanzar os obxectivos programados para este curso é imprescindible que previamente teñan aprendido un importante conxunto de contidos conceptuais (básicamente contidos gramaticais) e procedimentais (desenvolvemento da interpretación e traducción de textos gregos). Afortunadamente, o proceso de ensinanza-aprendizaxe realizado no último trimestre do curso anterior foi o suficientemente satisfactorio como para que o alumnado non se vise privado de ningunha das aprendizaxes imprescindibles. Debido ao reducido número de alumnas que cursaron a asignatura, acordamos como mellor maneira de comunicarnos telemáticamente a creación dun grupo de WhatsApp. Este mecanismo permitiunos relacionarnos con facilidade e manter as mesmas sesións de clase que se impartían no instituto durante o período presencial. Ao seren moi poucas as alumnas, puidemos establecer unha conexión telefónica múltiple, un sistema que facilitou o desenvolvemento dunhas clases con características moi semellantes ás clases presenciais. O resultado final foi que as alumnas que se matricularon o presente curso en Grego II chegan cunha bagaxe de coñecementos que non difire moito do esperable en circunstancias ordinarias.

2. Previsión do desenvolvemento da programación nun escenario de ensinanza telemática.

2.1. Metodoloxía de traballo.

2.1.1. Procedemento de contacto telemático cos alumnos.

Debido a reducido número de alumnos que cursan a as nosas asignaturas, consideramos que a mellor maneira de comunicarnos telemáticamente a creación de un grupo de WhatsApp. Este mecanismo permitirános relacionarnos con facilidade e manter as mesmas sesións de clase que se impartían no instituto durante o período

presencial. Ao seren moi poucas os alumnos, podemos establecer una conexión telefónica múltiple que nos permite desenvolver unha clase de características moi semellantes ás clases presenciais. Estableceremos contacto polo grupo catro días por semana, en horario acordado cos propios alumnos e coa dirección do centro.

En principio, non parece haber problemas para que a totalidade das alumnas que cursan as nosas materias poidan incorporarse ao grupo de WhatsApp. Pero se, por diversas razóns, algunha alumna tievese dificultades para establecer comunicación por esta vía, temos previsto manter comunicación telemática a través do correo electrónico.

2.1.2. Actividades.

Para o caso de desenvolvemento da programación nun escenario de ensinanza a distancia, temos deseñado un conxunto de actividades que permitirán acceder de modo satisfactorio aos contidos básicos das diversas materias.

Para os bloques temáticos relativos á cultura e civilización gregas, o centro das actividades será o o visionado de una selección de películas relacionadas cos contidos culturais correspondentes. O desenvolvemento desta parte da programación contará sempre con dúas sesións por semana.

Na primeira sesión semanal o conxunto da clase veremos de forma simultánea unha parte da película (50 minutos aproximadamente). Para verificar que todos os asistentes á sesión están realizando a tarefa, o profesor iralle facendo a cada un dos alumnos preguntas sobre aspectos moi específicos do desenvolvemento argumental. Na segunda sesión, os primeiros 15 minutos da clase estarán dedicados a un coloquio sobre os puntos máis relevantes da parte visionada; e o tempo restante cada alumno deberá redactar, na libreta de actividades e de maneira individual, un resumo dunha páxina sobre o visionado en cuestión. A foto do resumo remitirase por WhatsApp ao profesor ao finalizar a clase.

Para os bloques temáticos relacionados coa lingua grega, o método básico de traballo será a realización dos múltiples exercicios que cada unidade didáctica deseñada no libro contén para lograr alcanzar os estándares de aprendizaxe. As alumnas realizarán os exercicios fóra do horario escolar e iso permitiranos dedicarlle a totalidade da clase á corrección dos exercicios programados. Cando o profesor o considere oportuno, ou cando algún alumno así o solicite, realizarase unha breve explicación que facilite a execución das actividades.

As alumnas que se comuniquen a través do correo electrónico, establecerán o seu propio horario para ver a película e enviarán semanalmente un resumo da parte visionada correspondente. Coa mesma periodicidade, remitiranlle ao profesor os exercicios programados para o desenvolvemento dos contidos relativos á lingua grega.

2.1.3. Recursos didácticos.

Catro son os recursos didácticos que nos permiten realizar as actividades programadas:

a) O teléfono móbil, que nos facilita a comunicación por WhatsApp e polo correo electrónico.

b) A computadora persoal, que nos permite visionar a través de Youtube a as diversas películas.

c) O libro de texto.

d) A libreta de actividades.

2.2. Información ao alumnado e ás familias.

A vía ordinaria que utilizaremos para a transmitir información ao alumnado e ás súas familias e o grupo de WhatsApp que crearemos para o desenvolvemento da actividade académica.

No caso dos alumnos que no poidan incorporarse ao grupo de WhatsApp, manteremos comunicación telemática con eles e coas súas familias a través do correo electrónico.